

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE NOVEMBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 10 de novembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 8 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D<sup>a</sup>. María José Caride Estévez
- Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Riesgo Boluda (asiste ao punto 1a)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 4a e 6a)  
D<sup>a</sup>. María Dapena Gómez (asiste aos puntos 4b e 10a)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta da sesión do 6 de novembro de 2017**

Apróbese a acta cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

**2.- Apertura administrativa**

**a) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que MAPFRE ESPAÑA, S.A. presentou 6 de novembro de 2017, dentro do prazo de presentación de ofertas, nas oficinas de Correos un sobre A “documentación persoal” e un sobre B “proposición avaliable mediante fórmula”. O mesmo día, o citado licitador presentou un novo sobre B “proposición avaliable mediante fórmula” acompañado dun escrito onde fai constar que “na referida oferta se detectou un erro aritmético no modelo de proposición económica”, que “en consecuencia, se procedeu a presentar en correos un novo sobre B coa rectificación que contén a oferta económica correcta” e solicita “se teña por presentada esta nova oferta que corrixe a anterior e se admita a nova proposición económica, procedendo á destrución da anterior”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:36	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4A-CF3D44-CA284F-PYLFQB-A2M92A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Tendo en conta o previsto no artigo 80.5 do Real decreto 1098/2011, do 12 de outubro e que o segundo sobre B foi presentado dentro do prazo de presentación de proposicións, a Mesa entende retirado o sobre B presentado en primeiro lugar nas oficinas de Correos, que é substituído polo presentado posteriormente na mesma data. O Servizo de Contratación comunicará ao licitador que pode recoller nas dependencias municipais o sobre B retirado.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
  1. HELVETIA, CIA
  2. SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS
  
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a MAPFRE ESPAÑA, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, deberá aclarar se concorre a esta licitación individualmente ou en unión temporal de empresas, como sinala no punto 11 da súa declaración responsable.

No suposto de concorrer en UTE, é necesaria unha declaración responsable de cada unha das empresas así como a presentación do compromiso de constitución da UTE (artigo 59.2 do TRLCSP).

#### 4.- Apertura económica

##### **a) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445)**

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a súa documentación persoal.

##### **b) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:36	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4A-CF3D44-CA284F-PYLFQB-A2M92A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Licitadores	Nº centros asistenciais propios na Cidade de Vigo	Servizo de urxencias 24 horas-365 días de uso exclusivo (si/non)	Nº centros hospitalarios propios na Cidade de Vigo	Nº centros hospitalarios concertados na Cidade de Vigo
FREMAP MUTUA	2	si	1	3

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

En cumprimento do previsto na cláusula 14 do prego de de cláusulas administrativas particulares (“As fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”), a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda outorgarlle a FREMAP MUTUA a máxima puntuación por cada un dos criterios de acordo co seguinte cadro:

FREMAP MUTUA	
Nº centros asistenciais propios na Cidade de Vigo	20 puntos
Servizo de urxencias 24 horas-365 días de uso exclusivo (si/non)	20 puntos
Nº centros hospitalarios propios na Cidade de Vigo	15 puntos
Nº centros hospitalarios concertados na Cidade de Vigo	15 puntos
<b>Total criterios avaliados a través de fórmula</b>	<b>70 puntos</b>

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador no informe asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación do 6 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, aceptado pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de novembro de 2017, a puntuación total é a seguinte:

FREMAP MUTUA	
Total criterios avaliados a través de xuízo de valor	23 puntos
Total criterios avaliados a través de fórmula	70 puntos
<b>Total puntuación</b>	<b>93 puntos</b>

En base ao anterior, indícase a continuación a clasificación por orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FREMAP MUTUA	93 puntos



**6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 8 de novembro de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2017 polo que non se admitiu a MUTUA UNIVERSAL neste procedemento por ter incorporado a documentación correspondente á proposición avaliable mediante fórmula no sobre A “documentación persoal” incumprindo así os requisitos de presentación da documentación e, en consecuencia, vulnerando a garantía do segredo das proposicións ata o momento no que deba procederse á súa apertura pública.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220) na seguinte orde descendente:

	<b>LICITADOR</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1	FREMAP MUTUA	93 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FREMAP MUTUA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:36	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF4A-CF3D44-CA284F-PYLFQB-A2M92A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



do prego de cláusulas administrativas particulares (30.000 euros).

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

